



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: Lingua castelá e literatura

CURSO: 1 BACH A e B

MATERIA: Lingua castelá e literatura

PROFESOR/A: Xácome González Soto

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

1ª AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa	LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín	CCL CSC
B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e	LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de	CCL



<p>acesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.</p>	<p>tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación cultural, e identifica o tema e a estrutura.</p>	
<p>B3.1. Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc. ▪ LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos. 	<p>CCL</p> <p>CAA</p>
<p>B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada.</p> <p>LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e os valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada.</p> <p>LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada.</p> <p>LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada.</p> <p>LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores do artigo determinado e do indeterminado, e de calquera tipo de determinantes, en relación coa súa presenza ou ausencia coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada.</p>	<p>CCL</p>
<p>B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<p>LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras</p> <p>LCL1B3.3.5. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando progresivamente estruturas sintácticas variadas e aplicando os</p>	<p>CCL</p> <p>CSIEE</p>



	coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	
B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión	LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	CCL
B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.	LCL1B3.6.1. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD
B4.1. Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o Renacemento a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.	LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao Renacemento.	CCEC
B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao Renacemento, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a.	CAA
B4.3. Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao Renacemento, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL1B4.3.1. Interpreta criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao Renacemento. LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	CCEC

2ª AVALIACIÓN



Na 2ª avaliación profundizouse sobre os estándares recollidos na primeira avaliación de comunicación escrita e coñecemento da lingua, e ampliouse o estandar LCL1B3.3.1 (*Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras*), recoñecendo a estrutura sintáctica da oración composta, e explicando a relación entre os membros oracionais. Tamén analizáronse en profundidade cuestións ortográficas con exercicios prácticos, tomando como base os modelos da AVAU.

Ampliouse igualmente o estudo da educación literaria recollida nos estándares: LCL1B4.1.1. e LCL1B4.3.1: “A poesía española do Renacemento: Garcilaso de la Vega”; “A poesía ascético-moral: Fray Luis de León”; “A prosa no século XVI: *El Lazarillo de Tormes* e *El Quijote*”.

Ademais, leuse e analizouse a obra de lectura obrigatoria: *El Lazarillo de Tormes*.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas

O alumnado que teña que recuperar unha avaliación suspensa (1ª ou 2ª) fará unha proba oral dos estándares correspondentes a cada avaliación. Convocarase ó alumnado polo correo electrónico a unha videoconferencia na plataforma CISCO e grabarase un audio do exame. Manterase o seguinte criterio de calificación: 5 puntos (comunicación oral e escrita e coñecemento da lingua) e 5 puntos (educación literaria).

-Actividades de repaso, reforzo ou ampliación.

- Explicacións mediante videoconferencia
- Videos explicativos sobre diferentes conceptos.
- Realización de actividades nas que se pendura sempre a súa corrección na AV
- Lecturas de textos periodísticos, literarios e explicacións de libro de texto

-Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Clase e dúbidas por videoconferencia



- Emprego de instrucións e material na Aula virtual do centro
- Enlace a YouTube na Aula Virtual para visionado de vídeos relacionados coa materia.
- Realización de tarefas e corrección por correo electrónico de xeito individual
- Lectura, uso e estudo do material pendurado na aula virtual.

- Materiais e recursos

- Libro de texto da materia.
- Apuntes, vídeos e explicacións penduradas na Aula virtual
- Plataforma Cisco de videoconferencias

3.Avaliación e cualificación:

-Instrumentos (na 1ª e 2ª avaliación)

Serán os detallados na programación anual: probas escritas no periodo presencial, traballo individual na aula e na casa e controis de lecturas obrigatorias.

-Instrumentos (NO PERÍODO ESPECIAL)

O alumnado pode mellorar a súa nota ata un máximo de 1 punto se realiza axeitadamente e envía en prazo, as tarefas marcadas polo profesorado na AV. Terase en conta tanto a cantidade como a calidade das mesmas.

-Procedemento para o cálculo da cualificación final



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

A nota final será o cálculo da media ponderada das dúas cualificacións da 1ª e 2ª avaliación segundo o seguinte criterio: 1ª avaliación: 60% e 2ª avaliación: 40%. Dende o 13 de marzo o alumnado poderá subir a súa calificación ata un máximo de un punto segundo a calidade do traballo enviado o profesor.

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

Este documento pendurárase na páxina web do centro e enviarase as familias por ABALAR

5. Exames de setembro

Realizarase unha proba escrita (sempre que se poida) dos estándares correspondentes a 1ª e 2ª avaliación que será calificada de 1 a 10 puntos. Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos